

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 8 DE XANEIRO DE 2024

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2024/00000303G.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria de data 26 de decembro de 2023.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00005742W.**

[Autorización do o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Acondicionamento do camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns – Villestro) (Pos+2021)”]

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Acondicionamento do camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns – Villestro) (Pos+2021)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

3. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: **2023/00050906B.**

[Solicitud de participación do Concello no Plan provincial POS+ 2024 de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) da Deputación Provincial da Coruña]

Acórdase:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	436.815,19 €
Achega provincial 2023 (excepción da base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	436.815,19 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración					

Subtotal investimentos achega provincial 2024	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras	338.754,64 €	16.945,33 €	0,00 €	16.945,33 €	355.699,97 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	338.754,64 €	16.945,33 €	0,00 €	16.945,33 €	355.699,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do Concello coa Deputación (préstamo provincial):

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Subtotal redución da débeda do Concello coa Deputación	0,00 €

D) Resumo:

		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	436.815,19 €				436.815,19 €
	Achega 2023 (excep. base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2023	338.754,64 €	16.945,33 €	0,00 €	16.945,33 €	355.699,97 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA	Achega 2024	0,00 €				0,00 €

DEPUTACIÓN	Achega 2023	0,00 €				0,00 €
	Achega 2024	436.815,19 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	436.815,19 €
D- TOTAL	Achega 2023	338.754,64 €	16.945,33 €	0,00 €	16.945,33 €	355.699,97 €
	TOTAL	775.569,83 €	16.945,33 €	0,00 €	16.945,33 €	792.515,16 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024 + 2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = (A) – (B) Orzamento subvencionable (diferenza entre a columna A e a B)
Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na Cañoteira-Outeiro de Marrozos	318.000,00 €	0,00 €	318.000,00 €
Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase II	322.512,48 €	0,00 €	322.512,48 €
TOTAIS	640.512,48 €	0,00 €	640.512,48 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do Concello no Plan.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia

Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. |

4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00049274N.**

|Subsanación de erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2023, sobre achegas ó transporte metropolitano. |

Acórdase subsanar o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2023, ó que se fai referencia nos Antecedentes, no senso de incluír no mesmo, no apartado “Consideracións”, o seguinte texto, manténdose o resto nos termos acordados:

Considerando as determinacións contidas no Convenio, a respecto da contribución da prestación do servizo de transporte metropolitano e que as actuacións realizadas que orixinaron os gastos incorren nun vicio de anulabilidade, segundo o disposto no artigo 48 da LPACAP; en base ó manifestado no informe de Intervención Xeral, por non terse fiscalizado, no seu intre, o propio convenio, sendo esixible dito trámite con carácter preceptivo, ao abeiro do disposto no artigo 7 RD 424/2017 e a aportación das achegas, se ten producido a omisión da función interventora; poren, esta irregularidade formal pode ser obxecto de validación de acordo co artigo 52 do devandito texto legal, producindo efectos en canto á omisión do trámite de fiscalización previa.

Considerando que os gastos a que se refire esta proposta se realizaron con omisión da función interventora, pero que supoñen o cumprimento dunha obriga asumida polo Concello, en base ó Convenio asinado no seu día, conforme ao disposto no artigo 28.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, por razóns de economía procesal, e tendo en conta que, soamente procedería instar a vía da revisión de oficio cando sexa presumible que o importe das indemnizacións fora inferior ó que se propón, que non é o caso, considerase que procede a súa aprobación.

5. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00054006Y.**

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 122/2023 CA1 |

Sentenza nº 194/2023

Obxecto: sanción por conducir mentres usaba o móbil.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00029014L.**

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no RAP 549/2022 TSX |

Resolución: Sentenza 450/2023 da sección 1ª da sala do contencioso administrativo do TSXG

Procedemento: Recurso de apelación 549/2022 (PO 329/2021 CA1)

Obxecto: contra sentenza nº 201/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1
SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza estimou parcialmente o recurso contra a desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial.

A sentenza do TSXG é firme polo que contra ela non cabe recurso ningún

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00032863T.

Tomar coñecemento da sentenza núm. 634/2023 recaída no recurso de Apelación 251/2022 TSXG do PO 65/2020 CA1.

Resolución: Sentenza 634/2023 do TSXG sala do CA sec 1ª

Procedemento: Recurso de Apelación 251/2022

Obxecto: Contra sentenza nº 27/2022 do 28 de xaneiro do Xulgado contencioso administrativo nº 1 no PO 65/2020, desestimatoria de recurso contencioso presentado fronte a desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza de instancia desestimou totalmente o recurso contencioso administrativo tramitado como procedemento Ordinario 65/2020.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dicta agora nova sentenza favorable aos intereses municipais, xa que desestima o recurso de apelación interposto e confirma a sentenza de instancia na súa integridade.

Contra dita sentenza non cabe recurso ningún, xa que é firme segundo o Decreto do 1 de decembro de 2023 da Sala do Contencioso-Administrativo sección 1 do TSXG 1.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

8. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00000303G.

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no periodo comprendido entre o 22 de decembro de 2023 e o 4 de xaneiro de 2024.